



GRUPO MUNICIPAL
POBRA DO CARAMIÑAL



CONCELLO DA
POBRA DO CARAMIÑAL

15 MAR. 2017

Entrada nº: 1175

Saída nº:

Ramiro Ouviaña Ouviaña, concelleiro e portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego-AA neste Concello, presenta, para inclusión e debate no Pleno Ordinario de marzo de 2017 a seguinte **MOCIÓN** relativa á distribución dos recursos da Xunta de Galiza aos concellos con criterios obxectivos e transparentes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Plan Único de Concellos (POS+2017), aprobado pola Deputación da Coruña no pleno do 25 de novembro de 2016, é un modelo de cooperación entre a Deputación e os concellos que:

- Mellora e simplifica as fórmulas de cooperación cos concellos;
- Facilita a tarefa de elaboración do seu orzamento anual, ao contar cunha previsión firme na aportación provincial, permitíndolle dar resposta a situacións e necesidades concretas de cada concello;
- Simplifica ao mesmo tempo as tarefas administrativas, coa consecuente rebaixa na sobrecarga de traballo do persoal dos concellos;
- Distribúe os fondos con criterios obxectivos (os criterios POS) que suscitan un amplísimo e moi maioritario apoio entre os concellos da provincia.

É, pois, un instrumento de cooperación transparente no reparto dos fondos e que permite que os concellos teñan un marco referencial da achega total inicial da Deputación da Coruña, que ten, por outra parte, un carácter dinámico, xa que as propias bases do Plan recollen a posibilidade de incrementar a súa dotación orzamentaria con cargo aos remanentes que se xeren ao longo do exercicio.

O Plan Único afonda igualmente no concepto de autonomía local, posto que facilita que os concellos destinen a achega provincial ás prioridades municipais de cada concello.

Outros aspectos positivos e innovadores do Plan Único da Deputación da Coruña son:

- A non existencia de cofinanciamento aos concellos, como si ocorre nos "Plans Finalistas" que levan aparellada unha porcentaxe de endebedamento local, evitando con isto provocar que as administracións locais sigan aumentando as súas obrigas e a súa débeda;
- Ofrecer aos concellos en dificultades un mecanismo aos concellos en dificultades para sanear as súas contas públicas;
- Facilita que se rebaixen os períodos medios de pago ás empresas, o que evita que os concellos con graves problemas económicos se vexan na obriga de reducir servizos ou de subir taxas e impostos aos seus veciños e veciñas para poder facerlle fronte ao seu déficit e/ou débeda.

Con este Plan Único de Concellos (POS+2017) a Deputación da Coruña está a marcar un novo camiño para outras administracións no ámbito da cooperación local. Só hai que salientar un dato comparativo: mentres a Deputación destina inicialmente ao Plan Único 74 millóns de euros para os 93 concellos da provincia (que ao final do exercicio 2017 prevese que poida alcanzar a cifra de 100 millóns), a Xunta de Galicia unicamente achega 120 millóns ao Fondo de Cooperación Local para os 313 concellos do país.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Municipal do BNG-Asembleas Abertas neste concello solicita ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte:



**GRUPO MUNICIPAL
POBRA DO CARAMIÑAL**

ACORDO

Instar á Xunta de Galicia a que siga os pasos da Deputación da Coruña, transferindo directamente ao Fondo de Cooperación Local os recursos que o Goberno galego destina aos concellos, actuando con transparencia e obxectividade no reparto de fondos da Comunidade Autónoma. Estes criterios de transparencia e obxectividade deben tamén aplicarse ao conxunto dos plans e programas que desenvolva o goberno galego, contando sempre coa negociación previa coa FEGAMP.

A Pobra do Caramiñal, 15 de marzo de 2017

Asdo.: Ramiro Ouviaña Ouviaña,
Concelleiro e portavoz do G. M. do BNG-AA

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL